



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, o 29 de novembro de 2023

REÚNENSE

Dunha parte, dona Goretti Sanmartín Rei, alcaldesa de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Da outra parte, don Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), actuando en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para se obrigaren e formalizar este protocolo marco de colaboración e,

EXPOÑEN

1. As dúas institucións, Concello e Universidade, manteñen unha relación histórica que deriva da condición de Santiago de Compostela como cidade universitaria, en cuxo territorio teñen unha importantísima implantación as infraestruturas universitarias e en cuxa vida económica e sociocultural a USC está incardinada indisolublemente.
2. Estas relacións entre a Universidade e o Concello produciron acordos diversos sobre ordenación urbanística, obras, mobilidade, actividade deportiva, cultural ou de asesoramento en diversas materias, xerando unha longa traza de convenios e contratos de asistencia.
3. O amplo número de asuntos en común precisa dunha canle unificada de diálogo, que permita avaliar os acordos adoptados, resolver as eivas do seu cumprimento



e afondar con equilibrio e axilidade nos aspectos beneficiosos para ambas as entidades.

4. O Campus Sur, as súas emblemáticas zonas verdes e as súas instalacións deportivas exceden do ámbito universitario e son un recoñecible e esencial espazo de lecer e convivencia para a cidadanía compostelá.
5. En varios convenios asinados entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela con diversos obxectos mencionouse a cesión ao Concello dos terreos cualificados como vías e zonas verdes e incluídos no ámbito ordenado pormenorizadamente polo Plan especial 8, aprobado en 1993 e revisado en 2010. Convén a ambas as institución dar cumprimento a este acordo nos termos da ordenación urbanística vixente.
6. A construción da Cidade da Saúde semella un obxectivo que comparten ambas as institucións, para cuxa formalización o Concello de Santiago realizou modificacións do planeamento e puxo ao dispor da USC diversas parcelas. Nesta liña, a USC formulou a proposta do Centro de Ciencias da Saúde sobre a ZEU-25, que incluíría as novas facultades de Farmacia e Enfermería, ademais dun centro de Investigación.
7. A comunidade universitaria presente na cidade xera necesidades habitacionais e de servizos que non poden ser atendidas de maneira illada por ningunha das dúas institucións e, asemade, tampouco cabe resolver as demandas da poboación non universitaria de costas á presenza territorial dos campus ou á influencia social e económica que supoñen.
8. Alén de aspectos relacionados coa planificación e usos do espazo urbano, contar cunha institución dedicada á docencia e á investigación en Santiago ten que converterse nunha oportunidade vantaxosa para o tecido económico, asociativo e mesmo para a Administración municipal, con mecanismos áxiles de transferencia de coñecemento e colaboración.
9. Por todo o anterior, ambas as institucións desexan afondar e avanzar nesta relación fixando para iso un marco colaborativo no que as partes sinalen os



asuntos e obxectivos que as vinculan e se comprometan a desenvolverlos mediante os actos ou acordos concretos que resulten necesarios.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura dun protocolo de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este protocolo ten por obxecto establecer o marco xeral de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela naquelas materias ou ámbitos definidos nel para, atendendo á situación existente, desenvolver actuacións de común acordo e acadar, se é o caso, compromisos xurídicos concretos.

Segunda. Obxectivos do protocolo

Son obxectivos deste protocolo:

1. Fixar un marco estable co fin de manter unha relación permanente desde o punto de vista institucional entre ambas as institucións.
2. Abordar novos retos do proceso de desenvolvemento de Compostela como a mobilidade sustentable ou a dispoñibilidade de vivenda para o estudiantado.
3. Establecer un marco de colaboración sobre os asuntos que seguen e comprometer o seu desenvolvemento posterior sobre a base dos obxectivos e procedementos que este acordo sinala.
4. Fixar un marco estable de cooperación que permita subscribir o convenio previsto no apartado 6.1.10 da normativa do Plan especial 8 na súa revisión aprobada en 2010.
5. Establecer a estratexia conxunta que asegure a colaboración do Concello de Santiago e da USC na elaboración e desenvolvemento a través de convenios específicos do plan integral de mobilidade e do programa de mellora urbana do Campus previstos no Plan especial.



6. Facilitar a superación das eivas que impediron aclarar e realizar a adecuada formalización da cesión ao Concello da titularidade do sistema viario e das zonas verdes do Campus sur así como a independización das redes de servizos.
7. Abordar o proceso que garanta o mantemento axeitado do Campus urbanizado, a execución das novas urbanizacións e a transformación e mantemento das redes de servizos.

Terceira. Actuacións

Coa finalidade de facer efectivos os obxectivos previstos, ambas as institucións comprométense a realizar as seguintes actuacións:

1 Urbanismo e infraestruturas

1.1 Campus sur

1.1.1 Realizar a adecuada formalización da titularidade municipal das rúas e zonas verdes do Campus sur ao Concello de Santiago de Compostela nos terreos do Plan especial 8.

1.1.2 Desagregar as redes de servizos públicas e privadas da USC.

1.1.3 Realizar un programa de mellora urbana

1.2 Permuta de equipamentos

Realizarase un estudo económico e analizarase o interese dunha posible permuta entre o equipamento utilizado para os estudos de Odontoloxía, propiedade do Concello de Santiago, e os edificios propiedade da USC situados na avenida e Xoán XXIII e nas Casas Reais.

1.3 Planeamento

O Concello de Santiago comprométese á tramitación dilixente dos expedientes de planeamento urbanístico necesarios para facilitar a execución do Campus da Saúde e



a USC incorporará nestas previsións o cumprimento das obrigas incluídas no Plan especial 8 do Campus Sur para este ámbito.

2 Vivenda

As dúas institucións concordan no obxectivo de manter o carácter presencial da USC e, polo tanto, na necesidade de facilitar os recursos habitacionais para o estudiantado a prezos accesibles.

Con este fin, o Concello comprométese a incluír nos procedementos de adjudicación de inmobles municipais a valoración do destino a vivenda para estudiantado universitario, dentro das políticas municipais de dotación de vivenda pública ou protexida.

3 Mobilidade

O Concello, directamente ou a través dos medios polos que preste os servizos de mobilidade, facilitará os desprazamentos da comunidade universitaria dentro do ámbito urbano con criterios de sustentabilidade ambiental.

Con este fin, o Concello implantará unha ruta ciclable entre os dous campus que facilite o uso do sistema público de préstamo de bicicletas que ten implantado a USC.

Na ordenación do transporte público incorporárase a interconexión entre os campus e a estación intermodal e o servizo de bus nocturno.

O Concello elaborará un plan de sinalización dos espazos universitarios identificando os lugares onde se poden incluír referencias de acceso á USC para visibilizar convenientemente a importancia desta institución na cidade.

4 Transferencia de coñecemento

A Universidade de Santiago elaborará un catálogo de capacidades que poidan reverter no tecido económico e social compostelán co fin de ofrecer servizos de asesoramento, análise, formación, prospección etc., que redunden nunha maior competitividade ou eficiencia.



No marco deste acordo, deseñárase un programa conxunto mediante o cal a Universidade facilite ao Concello e ao tecido socioeconómico compostelán servizos expertos para estudos, actividades formativas ou asesoramentos técnicos, establecendo un sistema de compensación.

Quedarán fóra deste catálogo de prestacións as tarefas que estean expresamente restrinxidas a funcionariado da Administración municipal en virtude dalgunha norma.

5 Prácticas formativas e proxectos de aprendizaxe e servizo

As entidades asinantes elaborarán un plan anual de prácticas curriculares na Administración municipal que recollerá, cando menos, o procedemento de selección de participantes, as áreas implicadas, os procedementos e o recoñecemento da titorización e as garantías dos dereitos do estudantado.

Así mesmo recollerase nun plan anual aqueles proxectos de aprendizaxe e servizo aprobados pola Universidade nos que sexa posible a colaboración co Concello de Santiago e que redunden na realización de estudos e traballos á comunidade beneficiosos para a cidadanía de Compostela.

7 Dinamización social e cultural

Co fin de reforzar a divulgación da misión investigadora da USC, durante o primeiro ano de vixencia deste acordo, porase en marcha un programa común de aproveitamento cidadán e turístico da rede de centros de divulgación científica e do patrimonio da USC.

De por parte, o Concello manterá a súa colaboración co IV Ciclo.

As dúas entidades organizarán conxuntamente unha programación para o acollemento do novo estudantado que inclúa tanto actividades festivas como informativas sobre a propia cidade, os servizos e a convivencia coa veciñanza, e cooperarán na coordinación das súas axendas culturais..

8 Igualdade



Alén de manter a colaboración nas accións de promoción da igualdade, as dúas entidades deseñarán, coa participación dos colectivos implicados, un protocolo contra as agresións sexuais dirixido especificamente ao sector universitario.

9 Deportes

Co obxectivo común de promover a práctica do deporte, abordaranse as fórmulas máis acaídas para colaborar no uso das instalacións deportivas.

Cuarta. Convenios ou outros acordos específicos

Os acordos incluídos neste protocolo requirirán, para seren vinculantes, o seu desenvolvemento a través dos convenios específicos ou dos acordos que correspondan, coa tramitación que cumpra.

Co fin de simplificar a tramitación, poderán aglutinarse nun único documento de acordo as materias de natureza análoga, nomeadamente os convenios que dan soporte a subvencións nominativas.

Quinta. Comisión de Seguimento

Crearase unha Comisión de Seguimento formada por tres representantes de cada unha das institucións co obxectivo de velar polo cumprimento do acordado, manter un diálogo permanente sobre a súa concreción e interpretación e dirimir as diferenzas que puideren xurdir na súa execución.

Esta Comisión elevará aos órganos de goberno das dúas institucións un informe anual sobre o grao de cumprimento dos acordos, no que dea conta tamén dos seus traballos e formule as propostas que cumpran para garantir o acordado ou continuar a relación entre as partes.

A Comisión reunirse unha vez cada trimestre e sempre que o solicite algunha das partes. A súa presidencia será rotatoria por anos naturais, comezando en 2024 pola representación do Concello. A Administración á que non lle corresponda a presidencia exercerá a secretaría.



Sexta. Prazo

Este protocolo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha duración de catro anos, prorrogables de forma motivada por outros tantos en caso de que non se alcance o cumprimento dos obxectivos marcados.

Se as actuacións materiais foren acadando todos os seus obxectivos concretos darase por extinguido e promoverase a sinatura dun novo acordo que guíe as futuras relacións entre ambas as administracións.

Sétima. Natureza

Este acordo ten carácter administrativo. A súa interpretación ou as discrepancias sobre o seu cumprimento resolveranse de común acordo na Comisión de Seguimento prevista. Os conflitos que puideren xurdir na súa aplicación corresponden á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter público das partes.

En proba de conformidade, asinan este acordo

Polo Concello de Santiago

Pola USC